

O CAMIÑO DOS FAROS:

Consolidación da ruta como Sendeiro de Gran Percorrido (GR)

TIPO DE PROXECTO: Desenvolvemento local sostible, diversificación da economía rural, colaboración público-privada, conservación da natureza e protección de espazos compartidos

Enlaces: www.caminodosfaros.com

Concellos: Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra

Provincia: A Coruña



O Camiño dos Faros é unha ruta de sendeirismo de 200 km que une Malpica con Fisterra polo bordo do mar. Un camiño que ten o mar como maior protagonista e que pasa por todos os faros e principais puntos de interese desta parte da Costa da Morte.

Confórmase nestes momentos como patrimonio natural e cultural compartido e consolidado, de dinamización socioeconómica e de conservación de primeira orde, que vertebra a A Costa da Morte percorrendo unha paisaxe única dun xeito totalmente sostible.

Trátase de valorizar un patrimonio existente, evitando a súa degradación e potenciando, ao multiplicar o seu efecto, as actuacións de recuperación e mantemento para a homologación, configurando un camiño xa de por si histórico baixo unha unidade temática atractiva e de alto valor patrimonial. A especificidade e potencialidade deste proxecto reside, ademais, en que partindo dos obxectivos e principios xerais do Camiño dos Faros, se desenvolvan as intervencións dunha maneira especialmente operativa e coa participación dos actores institucionais, económicos e sociais dese territorio en concreto.

Esta visión do territorio responde a un enfoque económico e ambiental que, pretende superar a visión fragmentada da natureza e integrala dentro do marco global de convivencia, así como, posibilitar a mellora da calidade de vida das persoas que o habitan e o visitan.

ELEMENTOS SALIENTABLES

Trátase de mostrar a eficacia dos mecanismos e metodoloxías postos en marcha desde a cidadanía e o ámbito local, baixo a óptica dunha estratexia e fórmulas metodolóxicas de traballo público-privado e participativo para a conservación, a protección de espazos e o desenvolvemento sostible, desde unha perspectiva económica, política, ambiental, social e cultural.



www.caminodosfaros.com
www.facebook.com/guiacostadamorte
<https://twitter.com/caminodosfaros>
www.caminodosfaros.com/medios/

ENTIDADE PROMOTORA:

Asociación O Camiño dos Faros

AEDL:

Sofía Agrafojo Rey

ENTIDADES COFINANCIADORAS

Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra
Asociación O Camiño dos Faros
Deputación da Coruña

ENTIDADE/EMPRESA EXECUTORA

Asociación O Camiño dos Faros
Concellos de Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra